




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costa do Pindo e Monte Louro. Municipio: Carnota. Parroquias: Santa María de Lira. Extensión: 4,00 km2.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Tramo de costa fortemente recortada localizada entre a Enseada de Carnota e a Punta dos Remedios. Sitúase sobre unha primeira liña rochosa de materiais de Idade cuaternaria, produto do desmantelamento dos relevos graníticos da segunda liña e nos que se desenvolve unha irregular chaira costeira na que se sitúan os núcleos de poboación máis importantes. Cara ao sur da unidade subsisten formas dómicas que representan os restos do macizo granítico que deu orixe ao promontorio costeiro.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A base rochosa repártese entre o Tardiherciniano, na franxa máis costeira que mira ao noroeste, e o Herciniano, no resto da unidade. Esa banda costeira componse dunha granodiorita biotítica-moscovítica (facies central do Pindo). O resto como dixemos sopórtase sobre un granito de dúas micas de gran medio a grosa con orientación por deformación, Tipo Barbanza. Aparecen dous enclaves de xistos con niveis de cuarcitas, que pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, de idade precámbrico-silúrica, no Carballed e entre Miñarzo e o monte Os Remedios. Existe un dique de microgranito, en orientación Oeste-Leste no Angueiro, ao lado da piscifactoría de Miñarzo. O Cuaternario ten grande importancia na unidade. Ademais dos abundantes sedimentos holocenos de praias e dunas súmase un enclave aluvial na valgada de Lira e os depósitos pleistocenos do bordo litoral.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido: temperatura media anual por enriba de 15° C, oscilación térmica media entre 12,5°C e 13,5°C e precipitacións medias que alcanzan valores entre 1200 mm e 1400 mm ao longo do ano. Na cabeceira da unidade cambian lixeiramente as condicións climáticas debido á maior altitude, incluíndose no ambiente Temperado e Moi Húmido caracterizado por temperaturas medias entre 13°C e 14° C e precipitacións de 1400 mm a 1600 mm.

#### OS SOLOS

Predominio dos solos novos con escasa profundidade e abundancia de afloramentos rochosos en superficie formando leptosoles líticos e regosoles especialmente en elevacións graníticas como o Monte Carrelo. A chaira costeira presenta polo xeral solos máis evolucionados do tipo cambisol dístico.


#### AS AUGAS

Esta unidade, na transición entre a chaira litoral de Carnota e a Punta dos Remedios, conta cunha rede hídrica composta de pequenos arrosos que buscan as zonas baixas da chaira ata desembocar nas proximidades de Lira: praias de Cons, Porto Cabelo e Tras da Punta. En cambio, a liña divisoria de augas que cara ao sur delimitan os cumios de Bico do monte e Os Remedios, organizanse en forma dunha pequena valgada que desemboca na praia de Simprón. Toda a unidade está bañada pola masa de Augas Costeiras da Punta dos Remedios (20145).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Fronte e chaira costeira próxima incluídas no LIC Carnota-Monte Pindo e no de Monte e Lagoa de Louro (o sector Lira-Portocubelo queda excluído e separa os dous LIC). Na fronte aparecen os hábitats 1230, acantilados mariños atlánticos e 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados, nas zonas de plataforma rochosa; e o grupo 21 de dunas atlánticas, nas praias con certo desenvolvemento, podendo tamén existir co hábitat 2260, dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia. O grupo 82 de hábitats, pendentes rochosas con vexetación casmofítica, aínda que non é dominante, distribúese por toda a unidade. Aparecen brexeiras secas costeiras atlánticas de Erica vagans (4040), na chaira próxima ao mar; e o 4030, brexeiras secas europeas, nas vertentes superiores. En cubetas da plana costeira aparece hidromorfía con prados húmidos (6420 e 6430) e bosquetes ripícolas (91 E 0) -Portocubelo e As Cedreiras-. Masas mixtas e rodais de recolonización distribúense entre Miñarzo, Lira e O Carballed.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

O bordo costeiro presenta unha costa recortada, na que se mesturan elementos naturais de gran beleza e diversidade ecolóxica -acantilados e sistemas de dunas- e elementos antrópicos. Á fronte destes últimos está o núcleo mariñeiro de Portocubelo, situado ao noroeste do ámbito, así como unha instalación acuícola en Miñarzo. A maioría de poboación concéntrase nos tres núcleos tradicionais situados na franxa central da unidade, ao pé das ladeiras do Monte Carreio e Costa da Raposa, compartindo espazo coas terras de cultivo. O territorio restante está poboado de formacións vexetais costeiras, exceptuando algunhas manchas de masas de repoboación.

#### MORFOLOXÍA

No centro da unidade, situado ao pé das ladeiras do Monte Carreio sitúanse tres núcleos rurais. O máis occidental é Miñarzo, de forma circular e os máis orientais, Lira (considerado núcleo de identidade do litoral) e Agrovello de estrutura lineal. Na chaira centro-leste atópanse os núcleos tradicionais de carácter agrario Carballed e Sofán cunha morfoloxía lineal e agrupada aberta respectivamente. O núcleo de Portocubelo situado na costa noroeste, é o que tivo maior desenvolvemento, crecendo cara ao interior apoiándose no eixe dunha vía secundaria, formando case un continuo de edificacións dispersas, dende a costa ata os núcleos de Lira e Miñarzo. Destacar un asentamento espontáneo, Sestelos, situado nas marxes da AC-550, entre Lira e Sofán.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede primaria AC-550 é a que articula a unidade percorrendo o ámbito pola súa zona central. O resto de vías son na súa maioría, bifurcacións da principal en dirección á costa e camiños que organizan os terreos de cultivo.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

A maioría do patrimonio cultural que presenta rexistrase no asentamento tradicional de Lira, onde destaca o Hórreo de Lira que xunto co de Carnota é o máis famoso de Galicia polas súas dimensións e monumentalidade. No mesmo núcleo tamén se atopa a Igrexa Parroquial de Lira coa súa impresionante torre campanario. Subliñar por último as fábricas de Salgadeira de Portocubelo.



**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

A unidade caracterízase pola harmónica combinación dos seus elementos naturais, achegado polas súas numerosas praias, os seus acantilados e polo fondo escénico do Alto da Costa da Raposa e Monte Carreiro, así como rurais derivados dos núcleos tradicionais do interior, que perduran vinculados a terreos de cultivo. Mentres que o seu carácter mariñeiro llo outorga o núcleo de Portocubelo co seu porto pesqueiro e lonxa.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

En trazos xerais a unidade presenta un estado de conservación favorable. Na súa paisaxe sobresaen as súas numerosas praias, pola beleza do seu contorno, a claridade das súas augas e a brancura da súa area outorgándolle ao ámbito, un gran valor paisaxístico. Dende o final de Portocubelo, unha serie de salientes a xeito de baixíos intérganse no mar a escasa altura. Así como un rosario de illotes, moi próximos á costa, debuxan unha barreira natural de gran plasticidade. Dende a praia Mar de Lira divisase El Pindo, o grande areal de Carnota e na distancia o Cabo de Finisterre sendo un magnífico punto de observación. Dende os cumes de Alto dos Remedios e Monte Carreiro obtéñense as mellores panorámicas.





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNS






















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Asentamentos espontáneos na fachada litoral, ao redor da estrada AC-550, e en dirección á Punta de Rebordelo desvinculadas dos núcleos tradicionais e sen funcións urbanas definidas, para obter un espazo estruturado carente de usos espontáneos e libre de barreiras visuais que xeren continuos urbanos ao longo da fronte costeira, mellorando deste modo a calidade escénica e ambiental do bordo litoral.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantís / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



